

REGULAMENTO

O Concello de Paderne organiza a I Andaina e Minitrail Gastro Lexítimo

1-DATA E LUGAR

A proba celebrarase o sábado 29 de xuño de 2024 en Paderne na parroquia de Esperela dentro da feira Gastrolexítimo que se celebra ese mesmo día.

2-PROBAS

Trátase dun evento deportivo composto por diferentes probas:

- **Andaina de 10 quilómetros**
- **Carreiras infantís:**
 - **80 metros**
 - **250 metros**
 - **1000 metros**
 - **1500 metros**

3-COIDADO DO ENTORNO

O I Trail e Andaina Gastrolexítimo promove os valores de respecto á natureza, favorecendo a conservación do monte, a súa flora e a súa fauna. Os participantes na proba deberán por esta razón prestar especial atención ao emprego dos contenedores de lixo

disponibles, evitando deixar calquera tipo de resíduo no monte.

4-CATEGORÍAS E DISTANCIAS

Para o Minitrail

- **Chupete 0 a 3 anos 80 metros**
- **Prebenxamin 4 a 6 anos 250 metros**
- **Benxamin 7 a 9 anos 1000 metros**
- **Alevín 10 a 12 anos 1500 metros**

Para a Andaina 10K

- **Aberta a todos os públicos, os menores**

terán que aportar autorización dos seus titores legais e ser acompañados por unha persoa maior de idade no transcurso da proba.

5-HORARIOS

Para a Andaina a hora de saída será as 11h do 29/6/2024 con peche da proba as 13.15 h do mesmo día

Para o Minitrail as saídas comenzaran as 12:30h.

A primeira sera a categoría Alevín continuando coas categorías benxamín, prebenxamín, e chupete.

Os horarios das categorías serán marcados co remate de cada categoría, polo que se recomenda estar na zona de saída o comenzo do Minitrail as 12:30h

6-INSCRICIÓNS E PREZOS

Permanecerán abertas desde o Luns 10 de xuño ata o xoves 27 de xuño do 2024 ás 23.59 horas. Inscricións en www.galitiming.com, cos seguintes prezos (os pagamentos realizaranse no momento da inscrición)

Andaina 10 km 7 € e Minitrail 3

7-LÍMITE DE INSCRICIÓNS

Disporanse un total de 200 prazas para a Andaina e de 100 para o Minitrail

8-PREMIOS

O non tratarse de unha proba competitiva non haberá premios, si os agasallos destinados a todos os participantes e medallas os nenos do Minitrail

9-DORSAIS

Todos os participantes no I Trail e Andaina Gastroléxítimo estarán identificados cun dorsal para control e seguridade da proba que será recollido o mesmo día da proba dende as 10 h ata as 10.45h, ningún participante poderá sair na proba sen dorsal colocado entre o peito e a cintura e sempre visible para unha boa identificación.

Os dorsais son intrasferibles e para a súa recollida e obrigatorio presentar DNI

10-AVITUALLAMENTOS E SINALIZACIÓN

Na andaina haberá un avituallamento sólido e outro líquido. O percorrido estará sinalizado con cinta de balizaxe. Para garantir a seguridade dos participantes distribuiranse polo monte 10 voluntarias e voluntarios da organización.

11-ABANDONO VOLUNTARIO

Agás en caso de accidente, só será posible abandonar nun punto de avituallamento marcado como tal. Prohíbese abandonar a proba sen avisar previamente á organización.

12-ABANDONO OBRIGATORIO

A organización poderá deter en calquera momento a un/ha corredor/a ou obrigarlle a abandonar a proba se considera que o seu estado pon en perigo a súa integridade física, a súa seguridade, ou a do resto de participantes.

13-AGASALLOS

Cada participante na Andaina e no Minitrail recibirá unha camiseta

14-SERVIZOS

Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba.

15-DEREITOS DE IMAXE

As e os participantes, seus patrocinadores a empregar e publicar libremente calquera fotografía ou vídeo gravado no contexto da proba.

16-DESCALIFICACIÓN

Serán motivos de descalificación:

- **Atallar ou percorrer conscientemente tramos do percorrido diferentes ao oficial**
 - **Tirar no monte lixo de calquera tipo**
 - **Non asistir a outra/o participante en dificultades**
 - **Non pasar polos avituallamentos ou puntos de control**

17-SUSPENSIÓN

No caso de que polas condicións meteorolóxicas non fora posible que a proba dera comezo, a organización resérvase o dereito de suspendela, neutralizala ou modificar o seu horario, o percorrido e os avituallamentos. Neste caso non se devolverá o importe da inscrición. No caso de suspensión da proba por causas de forza maior e cunha antelación de máis de sete días en relación á data da mesma, realizarase un reembolso parcial da inscrición, fixado en función dos gastos non recuperables pola organización.

18-ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición das e dos participantes está condicionada á aceptación do presente regulamento.

19-MÁIS INFORMACIÓN

Na web galitiming.com e nas redes sociais Minitrail e Andaina Gastrolexitimo publicárase toda a información de interese sobre a proba e no teléfono 663 945030 en horario de (10 a 13.30h) proporcionarase información adicional ás e aos participantes.